


A FORZA DA CLASE TRABALLADORA



15
A
B
R
I
L

Polo emprego na nosa terra

Pola defensa e a mellora das nosas condicións laborais

Pola participación, a transparencia e a igualdade de oportunidades

VOTA



Confederación Intersindical Galega

Polo emprego na nosa terra

A CIG oponse de sempre á destrución de emprego e á masiva externalización de actividades.

A carencia de traballadores/as en moitos departamentos provoca numerosos problemas cun ritmo insoportable de traballo: quendas, gardas, obxectivos, chamadas, vendas, carga mental... Este é o día a día de moito persoal da empresa.

Esiximos que se cree emprego na nosa terra, as escasas prazas que se teñen convocado (a maioría mediante becas) son case en exclusiva para Madrid co que na Galiza perdemos constantemente persoal e actividade. Temos solicitado en moitas ocasións que cubran as baixas polos EREs tendo en conta os territorios, non pode ser que se destrúa emprego na nosa terra e só se cree en Madrid.

Defendemos que en todas as localidades exista o persoal necesario de cada categoría, para iso esiximos que se concedan traslados e se convoquen novas prazas para cubrir o déficit de persoal. Esiximos que se recupere a actividade externalizada e a creación de emprego de calidade. Reclamamos unha verdadeira conciliación da vida laboral e persoal.

Defendemos que se inclúa nos convenios unha cláusula para que os traballadores/as cun despedimento improcedente teñan dereito a decidir permanecer na empresa. Esiximos a reincorporación dos despedidos/as que aínda hoxe seguen na rúa.

Votar CIG é defender o emprego na nosa terra, é defender a creación de emprego en todas as localidades con actividade, votar CIG é rexeitar a externalización de actividades, é defender a conciliación laboral e familiar.

Pola defensa e a mellora das nosas condicións laborais

Telefónica teima na individualización das condicións de traballo, nese escenario de “sálvese quen poida” só sae beneficiada a empresa. Este é un dos elementos centrais da pretendida transformación da empresa: rachar coa defensa colectiva dos nosos dereitos impondo condicións diferentes en cada posto de traballo. A Clasificación Profesional pretende levarnos cara ese escenario.

Nos últimos convenios está a atacarse cada un dos piares que conforman os nosos dereitos laborais, perdemos o noso tempo de descanso e lecer por mor das dispoñibilidades obrigatorias, das prolongacións de xornada e por quendas insoportables; perdemos a calidade no noso posto de traballo por unha Clasificación Profesional que nos obriga a facer de todo, solapando funcións e deixando sen definir o que corresponde a cada posto profesional.

Dende a CIG defendemos o noso dereito á saúde, un dereito que cada vez é máis vulnerado pola presión no traballo e por unhas condicións laborais que empeoran día a día. Os riscos psicosociais deterioran a saúde dos traballadores/as e non se toman medidas para mellorar esa situación, os graves problemas detectados mantéñense no tempo porque non existe un verdadeiro interese en atacar a raíz dos problemas.

Votar CIG é apostar pola mellora das condicións laborais dos traballadores/as, é votar contra os recortes e a liquidación de dereitos que levamos padecendo dende hai moitos anos.

Pola participación, a transparencia e a igualdade de oportunidades

Na CIG defendemos a Negociación Colectiva coa participación directa dos traballadores/as.

Hoxe vivimos un contexto social que reclama con insistencia unha verdadeira democracia participativa, o sindicalismo nunca deba alonxarse desta realidade pero non sempre é así. Na Telefónica temos que reclamar unha participación directa de todos os traballadores/as para decidir que convenio queremos e como defendemos os nosos intereses. Na CIG temos claro que participar é moito máis que votar cada catro anos.

Non é aceptable que non se nos consulte ao conxunto dos traballadores/as para asinar os convenios, que se impoñan acordos que modifican as nosas condicións laborais ou que se liquiden as eleccións á comisión de control do plan de pensións.

Os traballadores/as debemos esixir que os convenios colectivos sexan referendados pola plantilla, os acordos que modifiquen as nosas condicións laborais deben ser consultados e referendados polo conxunto dos traballadores/as.

A CIG, como defendeu sempre, mantén que os asuntos con contido normativo deben quedar pechados na Negociación Colectiva, que debe ser un proceso participativo que permita poñer en xogo a potencia reivindicativa dun cadro de persoal mobilizado, informado e unido na defensa dos seus intereses colectivos. Rexeitamos a negociación permanente que foi empregada nestes anos a discreción, con prepotencia e con exclusión dos afectados/as, e sempre ao servizo da empresa.

Defendemos a participación e o traballo nos Comités de Empresa, defendemos a participación directa e activa dos traballadores/as e as Asembleas de Comité, o seu correcto funcionamento permite coñecer e tratar os problemas entre todos e todas e posibilita solucionarlos dun xeito máis favorábel.

Os procesos de selección e promoción son cada vez menos transparentes e son utilizados en ocasións para mesturar aínda máis funcións das diferentes categorías, a Clasificación Profesional agravou o que se nos dicía que ía resolver. Xa é unha constante que nas convocatorias non estean definidos nin os criterios que se consideran para facer a valoración dos currículos.

O principio de igualdade de oportunidades debe presidir estes procesos, para o que deben estar definidos e ser publicados os programas e os criterios xerais de avaliación, utilizando probas obxectivas e transparentes.

Rexeitamos o abuso da empresa nos Concursos Especiais de Traslado e nos Cambios de Acoplamento con Coñecementos Específicos onde a empresa move a dedo a quen lle interesa saltándose as listas de traslados e cambios de acoplamento.

Votar CIG é loitar pola participación directa de todos e todas, por defender e implicarse no funcionamento dos Comités, pola igualdade de oportunidades e pola transparencia.

VOTA CIG

CANDIDATURA CIG TELEFÓNICA A CORUÑA

1	Xosé Luís Sande Muñiz	Montiño
2	Emilio Casal Pereira	Santiago
3	María José Castro Papín	Hércules
4	Francisco José García Sánchez	Montiño
5	Francisco Rivadulla Rivadulla	Espiño
6	María Teresa García Hernández	Hércules
7	José María Rodríguez Aneiros	Ferrol
8	Gerardo Penabad Ramos	Montiño
9	José Carlos Alarcón González	Montiño
10	Francisco Luis Barral Vede	Montiño
11	María Milagros Blanco Álvarez	Hércules
12	Jesus Castro Rama	Santiago
13	Natalia Vázquez Taboada	Espiño
14	María González Diz	Hércules
15	Antonio Mato Fernández	Carballo
16	José Luis Vázquez Jove	Ferrol
17	Sara Pintané Martínez	Riazor
18	Domingo Mosquera Martínez	Hércules
19	Ángel Fernández Valdivieso	Espiño
20	Roberto Cajide Segade	Santiago
21	Francisco Freije Canel	Hércules
22	José Antonio Sánchez Oteo	Montiño
23	María Belen López Fraga	Hércules
24	José Miguel Fustes Fustes	Montiño
25	María Reyes Valle Berjón	Espiño
26	Marta Fernández Fernández	Hércules
27	Fernando Ocampo Juiz	Montiño
28	Remedios González Murias	Hércules
29	Orlando Joaquín Vázquez González	Montiño

Confederación Intersindical Galega

Sección Sindical CIG Telefónica A Coruña

Teléfono 981183969 - Fax 981183679

Email coruna@cigtelefonica.com

www.cigtelefonica.com